

GALICIA

El Ideal Gallego Miércoles, 23 de enero de 2008 33

POLÉMICA

Díaz Pardo chama ignorante a quien o acusa de malgastar millóns de euros

Asegura que no IGI resolvense todos os problemas que se crean no grupo Sargadelos

Isaac Díaz Pardo, fundador do grupo Sargadelos, chamou "ignorantes" aos actuais administradores por acusálo de malgastar "mil millóns de pesetas" en dez anos, e cualificou de "patraña para imbéciles" tal imputación, xa que cando él estivo non houbo problemas no Instituto da Información.

AXINCIAS > SANTIAGO


■ Isaac Díaz Pardo explica, nun escrito difundido onte, que nos vinte anos que el estivo á fronte deste grupo empresarial "non houbo un menor problema".

Aos novos administradores, Pardo acusaos de "ocultar" a contrapartida do investimento realizada durante anos en Sargadelos.

Así, explica que o Instituto Galego de Información (IGI) ten como principal partida orzamentaria o gasto de persoal, que no 2006 foi de 413.764 euros, se ben pon como exemplo de boa xestión que nese mesmo ano Estrella Galicia pagou "máis de 400.000 euros" por unha peza estudada e configurada polo IGI.

Ademais, o fundador de Sargadelos defende a actividade do Instituto indicando que nesta institución "se reolven todos os problemas" do grupo Sargadelos.

"No IGI -di-, constrúense móbiles; diríxese e controla Edicións do Castro, que é un elemento que serve de propaganda aos produtos de Sargadelos; fanse textos que acompañan ás pezas e xustifican; fanse traducións ao galego e ao inglés..., verdadeiramente no IGI resolvense todos os problemas



Isaac Díaz Pardo, durante o seu nomeamento como doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña

DANO IRREPARABLE

"Hai xente moi mal intencionada que fai un dano irreparable", dixo Paz Andrade

do grupo Sargadelos". "Teñen a misión de destruir Edicións do Castro, o que conseguirán se destruén o IGI e quédalles liberdade para reunir canta merda cosmopolita poidan incorporar baixo o nome de Sargadelos", engadiu.

Ao fío desta acusación, o fundador de Sargadelos solicita o amparo da administración autonómica, e sinala: "Parécheme aberrante que as autoridades e Patrimonio toleren que o nome de Sargadelos poída estar manexado por xentes zafias que a penas teñen estudos primarios".

Queren o diñeiro > Isaac Díaz Pardo chama "ignorantes" aos administradores do grupo por querer destruir o IGI e, consecuentemente, Edicións do Castro, "que é o que odian maiormente, como rexitan toda clase de libros". "É

volver a agochar a documentación legada nesta institución", sostén. Por último, failles responsables de que os empregados do IGI leven varios meses sen cobrar os seus salarios, circunstancia que achaca a que aos actuais administradores "o único que queren é o diñeiro".

Pola sua banda, Alfonso Paz Andrade, membro do consello de administración do Instituto Galego da Información (IGI) considera que "hai xente moi mal intencionada que está facendo un dano irreparable" no conflito do grupo Sargadelos.

■ APUNTE

Os documentos gardados, ben de interese cultural

■ A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pide á Administración o inventariado e catalogación do patrimonio documental do Instituto Galego de Información (IGI) para a súa posterior declaración como Ben de Interese Cultural. Deste xeito, procuran a salvaguarda do patrimonio documental depositado no seu día no Laboratorio de Formas, e por tanto, do ideario fundacional dun "proyecto nacional", no que se implicaron Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo, os exiliados galegos e os traballadores da cultura galega na emigración. Estes fondos documentais poden verse dende onte no propio Instituto Galego de Información, nunha mostra organizada con carácter de "urxencia" por Isaac Díaz Pardo en colaboración coa Asociación Galega de Editores, por se na xunta de accionistas de Sargadelos que se celebra hoxe se decide que "esta resulta ser a derradeira exposición que fai o Instituto". A mostra contén unha libretifa de notas de Ovidio Murguía, fillo de Rosalía de Castro e Manuel Murguía; acuarelas de Serafín Avendaño; escritos de Eduardo Pondal, Villar Ponte e de Castelao, anteriores a xullo de 1936. Tamén reúne documentos do autor de "Sempre en Galiza" en Nova York, a célebre tarxeta postal dende Nova York aos seus amigos exiliados na República Argentina.